


UNIÓN EUROPEA ⊕ Bruselas ⊕ Parlament

Os recortes da UE ameazan o sector primario galego cun 67% menos de fondos pesqueiros e un 20% de PAC

A proposta da Comisión Europea para o período 2028-2034 prevé un recorte do 67% no fondo pesqueiro e do 21% na PAC, mentres multiplica por cinco o gasto militar.






Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T.

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h  OTROS PODCAST





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h  OTROS PODCAST

o (<https://www.instagram.com/albacambeiro/>)

1 dic 2025 05:30

O orzamento europeo para o período 2028-2034 está a redefinir as prioridades de Bruxelas, nas que non se atopan nin a agricultura, nin a pesca, nin a gandería. O Marco Financeiro Plurianual (MFP), presentado (https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/ip_25_1847) por Ursula von der Leyen en xullo deste ano, aposta por incrementar masivamente o gasto militar mentres recorta de forma drástica as partidas destinadas ao sector primario.

Os fondos destinados á pesca reduciríanse de 6.100 millóns a apenas 2.000 millóns de euros, mentres que a Política Agraria Común (PAC) sufriría un recorte superior ao 20%. Simultaneamente, o gasto en Defensa multiplicaríase por cinco, alcanzando os 131.000 millóns de euros.





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T.

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h OTROS PODCAST

A desaparición de partidas específicas supón un risco claro para os ingresos das pequenas explotacións agrogandeiras e o sector pesqueiro, que dependen en gran medida dos pagos directos para manterse en funcionamento.

Cara a un modelo industrial que expulsa ás pequenas explotacións

A drástica redución dos recursos destinados á pesca e á acuicultura, suporía unha caída do 67%. A Asociación Galega de Mulleres do Mar, Mulleres Salgadas teme unha ameaza directa aos plans de rexeneración das rías e ao mantemento dos bancos marisqueiros. “Estamos moi preocupadas pola situación das rías e a baixada da produtividade. Todo o sector das artes menores está en risco”, afirma María Vales, a súa presidenta.

Dende a Federación de Confrarías de Galicia tamén advirten das consecuencias da desaparición do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA). “As riadas dos últimos anos e os efectos do cambio climático obríganos a





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T.

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h  OTROS PODCAST

pesca artesanal. Sen unha ferramenta de estabilización como os fondos FEMPA moitas embarcacións e explotacións costeiras non teñen capacidade para asumir a baixada de produción e os peches temporais dos bancos pesqueiros e marisqueiros.

A proposta europea integra nun único fondo a PAC, os fondos de cohesión e os recursos pesqueiros. A desaparición do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) como entidade independente é especialmente grave para Galiza, que podería perder uns 80 millóns de euros anuais destinados a mobilidade de terras, infraestruturas rurais e outras actuacións clave.

“As cooperativas que ata agora accedían a axudas para investimentos en transformación de produtos agroalimentarios atópanse na incerteza total”, indica Higinio Mougán, director da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h OTROS PODCAST

PAC podería deixar máis desprotexidas ás granxas familiares, especialmente ás de minifundio que caracterizan o rural galego. As explotacións pequenas corren o risco de ser desprazadas por estruturas agroindustriais máis grandes, que poden asumir sen dificultades os requisitos financeiros e administrativos das novas convocatorias.

Doutra banda, dende o Sindicato Labrego Galego (SLG) alertan de que a promoción da automatización e dixitalización non responde ás necesidades reais do rural. Nun contexto europeo no que o relevo xeracional é escaso e a produción só se mantén mediante unha intensificación crecente, o novo modelo de axudas empuxa ás explotacións cara unha dependencia tecnolóxica que moitas non poden asumir.

O risco, segundo sinalan dende o sindicato, é que o traballo labrego deixe de ser unha actividade soberana e pase a integrarse como unha peza máis dunha engrenaxe industrial na que as pequenas explotacións perden protagonismo e



Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T.

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h  OTROS PODCAST

O estudo do Instituto para o Desenvolvemento Sostible e as Relacións Internacionais (IDDRI) sobre o Marco Financeiro Plurianual 2028-2034 analiza con detalle as implicacións da nova arquitectura proposta pola Comisión. O informe advirte que a integración da PAC nun fondo único "abre o espazo de negociación a actores non agrícolas e, polo tanto, a unha maior variedade de intereses".

O documento cuestiona a efectividade do novo modelo de rendemento proposto, que mantén os mesmos fallos que a PAC actual: indicadores que miden máis os medios despregados ca os resultados reais, ausencia de limiares mínimos de prácticas sostibles e unha carga burocrática excesiva. Ademais, as accións agroambientais e climáticas non contan cun orzamento preasignado.





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T.

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h  OTROS PODCAST

tipo de prácticas.

Dende o SLG reclaman unha mellora da “posición que teñen as labregas dentro da cadea alimentaria” así como o fomento de sistemas de alimentación locais, fronte ao modelo actual dunha agroindustria orientada á exportación. “O financiamento público nunca pode competir contra mercados inxustos”, advirten.

A reforma da Organización Común de Mercados (OCM), o sistema que regula as axudas ao sector agrario, tamén xera preocupación. Dende AGACA denuncian que a proposta evita abordar problemas clave para as cooperativas; como a planificación da produción e a redución de custos. Doutra banda, as axudas ás Organizacións de Produtores deixarán de estar garantidas, xa que dependerán do que cada país decida destinar nos seus orzamentos.





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h OTROS PODCAST

propostos no proxecto de orzamentos para o período 2028-2034.

Mentres Bruxelas redefine as súas prioridades cara á defensa e a competitividade industrial, o sector primario –base de calquera estado de benestar– atópase nunha encrucillada. Para Galiza, os vindeiros meses serán decisivos para determinar se o rural seguirá sendo un espazo habitado e produtivo, ou se pola contra asistiremos á consolidación dun modelo que expulsa ás pequenas explotacións pequenas en favor das grandes estruturas agroindustriais.



8.0

La valoración de las socias 1 valoración
No has valorado el artículo





Recomendación
00:00/00:00

Río Arriba / RIO ARRIBA T

Recomendado / Río Arriba Río

Radio 24h OTROS PODCAST

Últimas

Más noticias

Recomendadas

